

NORMATIVA DE DEDICACIÓN E RECOÑECEMENTOS DOCENTES DO PROFESORADO (CG 01/02/22 e modificada no CG 11/03/22, no CG 28/07/22 e CG 02/03/2023)

1. A DEDICACIÓN DOCENTE DO PROFESORADO

O Decreto Ley 14/2012, regula a dedicación docente do profesorado en función dos tramos de investigación, definindo tres niveis diferentes (320, 240 e 160 horas). Coa fin de reducir o impacto deste decreto, a Universidade de Vigo establece dous niveis adicionais (260 e 200 horas) e, a través da presente Normativa, limita a dedicación docente máxima do profesorado a 260 horas.

Así, de cara a fixar o nivel de dedicación docente de cada un dos membros do PDI permanente a tempo completo e profesorado contratado doutor interino, utilizarase a seguinte táboa, na que aparecen os axustes que a Universidade de Vigo fará con respecto ao contemplado no antedito decreto. Para calcular a dedicación de cada PDI contabilizaranse os sexenios de investigación e transferencia do coñecemento de solicitudes resoltas na data 31 de decembro do ano anterior ao de inicio do curso¹:

ano anterior ao de início do curso :						
	0 sex	1 sex	2 sex	3 sex	4 sex	5/6 sex
≥ n-7	320→ 240/260*	240	240→ 200	160	160	160
n-8	320→ 260	320→ 240	320→ 240	320→ 200	320→ 160	
n-9		320→ 260		320→ 240	320→ 200	
n-10			320→ 260	320→ 240	320→ 240	
≤ n-11				320→ 260		

*Para 0 sexenios, ano do primeiro contrato permanente: de n-3 a n → **240**; de n-7 a n-4 → **260**.

n: ano de inicio do curso académico

Tomarase como ano de referencia dun sexenio o da convocatoria na que se solicite.

Non se lles asignará unha dedicación docente de 260 horas ás persoas que acrediten impedimentos de tipo administrativo para a solicitude dun sexenio que sexa decisivo no cómputo da súa dedicación.

Ademais, serán estudadas pola vicerreitoría as solicitudes de non asignación dunha dedicación docente de 260 horas daquelas persoas que por mor de baixas de incapacidade temporal, maternidade, adopción ou acollemento por un período superior a 9 meses, non puideron solicitar un sexenio que sexa decisivo no cómputo da súa dedicación.

As profesoras a tempo completo que finalicen o seu permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento (duración mínima dun ano), poderán solicitar unha redución da súa dedicación docente de ata o 100% no primeiro curso académico e o 50% no segundo curso académico desde a data de finalización do permiso.

Para o PDI que teña cumpridos 63 ou máis anos na data de inicio do curso académico o máximo de dedicación docente será de 250 horas.

No caso de persoal investigador doutor contratado ao abeiro dos programas de excelencia, nacionais ou internacionais, e que a Universidade de Vigo perciba a correspondente axuda de estabilización pola creación de postos de traballo de carácter permanente, terá dereito a un recoñecemento de 30 horas por curso académico durante tres cursos.

2. O RECOÑECIMENTO DAS ACTIVIDADES DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Os membros do PDI que realicen tarefas de goberno ou representación terán unha redución das súas tarefas docentes, co fin de que dispoñan do tempo necesario para realizar ditas tarefas. Esta redución establécese en forma dunha porcentaxe que pretende estimar o tempo da súa xornada laboral que a persoa necesita dedicar as actividades recoñecidas, e aplicarase tanto á súa dedicación docente, definida no apartado anterior, como ás horas semanais de titoría que lle correspondan. As reducións a aplicar son as seguintes:

¹ No caso de sexenios en fase de recurso, procederase ao reaxuste correspondente no momento da resolución do mesmo, aínda que sexa unha data posterior.

Recoñecemento de actividades de goberno e representación (RAGR)			Porcentaxe
R.1. Cargos Académicos	R.1.1	Reitor/a, Vicerreitor/a con dedicación exclusiva	100%
	R.1.2	Vicerreitor/a sen dedicación exclusiva, Secretario/a Xeral, Valedor/a Universitario/a	75%
	R.1.3	Adxunto/a ao reitor, Delegada/o na CiUG	62.5%
	R.1.4	Decano/a e Director/a	50%
	R.1.5	Director/a de Área, Director/a de Centros de Investigación Interuniversitarios	37.5%
	R.1.6	Director de Instituto Universitario	25%
	R.1.7	Director/a de Departamento, Coordinador/a Xeral PUM	18.75%
	R.1.8	Vicedecano/a, Subdirector/a e Secretaria/o Centros	18.75%
	R.1.9	Secretaria/o, Subdirector/a, Xefe/a Sección Departamentos, Institutos Universitarios, Centros de Investigación e Agrupacións Estratéxicas (Interuniversitarios)	12.5%
	R.1.10	Coordinador/a Grao, Coordinador/a Máster ² e Coordinador/a Campus PUM	12.5%
R.2. Representación da U.Vigo e outros	R.2.1	Colaborador/a científico/a	25%
	R.2.2	Membro Comisión de acreditación /de avaliación (CER,CEI) ANECA/Comité asesoramento da CNEAI	18.75%
	R.2.3	Xestor/a de Programas e áreas de Investigación	18.75%
	R.2.4	Delegada/o da U.Vigo en Centros Adscritos	12.5%
	R.2.5	Representante da U.Vigo noutras Institucións ³	9.4%
	R.2.6	Representación sindical (segundo o acordado)	
R.3. Órganos de goberno da U.Vigo	R.3.1	Membro de Consello de Goberno da U. Vigo	3%
	R.3.2	Membro do Consello Social da U. Vigo	1%
	R.3.3	Membro do Claustro da U. Vigo	1%
	R.3.4	Membro de Consello de Campus	1%
	R.3.5	Membro de Comisións delegadas do Claustro ou Mesa	2%
	R.3.6	Membro de Comisións delegadas do Consello de Goberno	2%
R.4. Outros	R.4.1	A definir para casos específicos (Aprobación por Consello de Goberno)	

Os recoñecementos R.3, relativos á participación en órganos de goberno da Universidade de Vigo, só serán aplicables aos membros de ditos órganos que non sexan membros natos dos mesmos.

Para todo o PDI (a tempo completo ou parcial), os recoñecementos R.2 e R.3 serán acumulables ata un máximo dun 30%. Este límite non é aplicable aos recoñecementos por representación sindical, que se establecerán segundo corresponda nos convenios, acordos ou normativas ao respecto.

3. A CAPACIDADE DOCENTE

A capacidade docente (CD) de cada PDI con vinculación permanente e dedicación a tempo completo calcularase tomando como base o valor resaltado da celda correspondente a súa situación da táboa do apartado 1 deste documento, e aplicando, se é o caso, as porcentaxes de redución que lle correspondan segundo a táboa do apartado 2, cos límites indicados nese mesmo apartado.

A capacidade docente (CD) da cada PDI con vinculación non permanente e/ou a tempo parcial calcularase tomando como base a correspondente ao seu contrato, e aplicando, se é o caso, as porcentaxes de redución que lle correspondan segundo a táboa do apartado 2, cos límites indicados nese mesmo apartado.

Esta capacidade docente, repartirase entre:

- Carga Docente Básica que figura no POD de cada curso académico.
- Outras actividades recoñecidas.

A capacidade docente mínima do PDI (a tempo completo ou parcial) corresponderá ó 50% da diferenza entre a capacidade docente segundo a súa situación na táboa do apartado 1 e os recoñecementos R.1. Este límite non é aplicable á representación sindical.

² Este recoñecemento non será de aplicación aos coordinadores/as de títulos que non teñan alumnado de nova matrícula, nin aos coordinadores/as de másteres sen repercusión en POD, a non ser que a CAM acorde renunciar ao 10% do orzamento do máster (correspondente aos gastos de coordinación)

³ Debe acreditarse mediante nomeamento do Reitor no que figure explicitamente o recoñecemento da actividade no POD. En todo caso estarán excluídas aquelas actividades que supoñan remuneración que vaia máis aló da cobertura de gastos (dietas).

4. OUTRAS ACTIVIDADES RECOÑECIDAS

O recoñecemento en horas dedicadas a estas actividades calcularase seguindo os criterios que se reflicten na seguinte táboa, e poderán chegar, como máximo ao 50% da Capacidade Docente de cada PDI:

Recoñecementos de actividades docentes	Horas a recoñecer
Titorización de TFG/TFM ⁴ Dirección de Teses de doutoramento nos 3 cursos anteriores Docencia en inglés ⁶ Outros recoñecementos docentes	4h/6ECTS + 1h/3ECTS adicional 10h por tese completa ⁵ 1h por cada 4h en inglés no POD a definir polo Consello de Goberno
Recoñecementos de actividades de xestión e apoio	Horas a recoñecer
Actividades recoñecidas polos centros/campus Atención a estudantes con discapacidade ⁷ Outras tarefas	Horas asignadas polo centro/campus 32h por estudante titorizada/o a definir polo Consello de Goberno

⁴ Traballos Fin de Grao e de Fin de Máster que sexan defendidos e superados durante o curso anterior ao da elaboración do POD.

⁵ No caso de teses dirixidas como PDI da Universidade de Vigo e non defendidas na Universidade de Vigo, o recoñecemento dividirase por dous.

⁶ Docencia impartida en inglés no curso de elaboración do POD, en títulos de grao e máster onde esta lingua non sexa vehicular.

⁷ Aplicable ao profesorado involucrado na titorización directa de estudantes con discapacidade por encargo da vicerreitoría correspondente, ao abeiro do regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo (Consello de Goberno de 24 de xullo de 2013).